

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución medios audiovisuais idioma 1: Francés-Galego				
Materia	Tradución medios audiovisuais idioma 1: Francés-Galego			
Código	V01G230V01924			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Montero Domínguez, Xoán Manuel			
Profesorado	Montero Domínguez, Xoán Manuel			
Correo-e	xoanmontero@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	-Introducir o alumnado nas técnicas da tradución audiovisual. -Desenvolver aptitudes para poder acometer calquera encomenda de tradución audiovisual. -Familiarizarse cos xéneros audiovisuais.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C7	Dominio de técnicas de tradución asistida/localización
C17	Capacidade de tomar decisións
D1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
D5	Coñecementos de informática aplicada
D15	Aprendizaxe autónoma
D18	Creatividade

Resultados de aprendizaxe			
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: ter un bo dominio das dúas linguas de traballo (francés-galego) tanto a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico.	A1 A2 A3 A4 A5	C3 C4	D1 D15

COMPETENCIA TEXTUAL: comprender a estrutura e os principios organizadores dun texto audiovisual. SUBCOMPETENCIAS: coñecer textos de tipo audiovisual coas súas características propias (dobraxe e subtitulación)	A1 A2 A3 A4 A5		
COMPETENCIA COMUNICATIVA E CULTURAL: Comprender textos redactados na lingua de partida. SUBCOMPETENCIA: Coñecer os mundos textuais das dúas culturas coas que se traballa, as distintas convencións sociais, etcétera	A1 A2 A3 A4 A5	C2	
COMPETENCIA TRADUTORA: adquirir as diferentes competencias precisas para traducir un texto de tipo audiovisual. SUBCOMPETENCIAS: Identificar os axentes que interveñen no proceso de tradución audiovisual (iniciador, mediador (estudio), tradutor, cliente, espectador...) e a función comunicativa do texto. Aprender a analizar textos con vistas á súa tradución. Coñecer as distintas técnicas e estratexias de tradución audiovisual. Identificar os problemas de tradución audiovisual e aprender a resolvelos, e argumentar as escollas. Traducir textos especializados. Aprender a traballar con textos paralelos. Aprender a manexar as ferramentas de tradución (procesadores de texto, programas de subtitulación...). Comprender o papel do tradutor como mediador intercultural e como axente normalizador. Coñecer as normas de revisión e presentación de traducións. Coñecer o mercado laboral e a práctica profesional. Desenvolver habilidades de traballo en equipo e adquirir un compromiso deontolóxico.	A1 A2 A3 A4 A5	C7 C17	D1 D5 D18

Contidos

Tema	
1. Introdución á tradución audiovisual	1.1. Definición de tradución audiovisual (TAV) 1.2. Características diferenciais da TAV 1.3. Tipoloxía do texto audiovisual 1.4. Modalidades básicas de TAV: dobraxe, subtitulación, localización, multimedia...
2. A subtitulación	2.1. Etapas no proceso de subtitulación 2.2. A práctica subtituladora 2.2.1. Software de subtitulación 2.2.2. Convencións de subtitulación 2.2.3. O discurso subtitulador: reducións, simplificacións léxicas, equilibrio sintáctico, etc.
3. A dobraxe	3.1. Historia 3.2. Etapas no proceso de dobraxe 3.3. Convencións de dobraxe en galego 3.4. Problemas principais de tradución (xerais e específicos de TAV)
4. O axuste	4.1. Etapas do axuste

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	12	12	24
Resolución de problemas de forma autónoma	30	50	80
Práctica de laboratorio	6	40	46

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	As 10h de sesión maxistral destinaranse a presentar a situación da tradución audiovisual desde o francés cara ao galego en Galicia e a explicar o proceso tradutor para a subtitulación e para a dobraxe. Malia estaren no apartado de sesións maxistrais, as clases serán de índole participativo e sempre estarán apoiadas por un soporte práctico.
Resolución de problemas de forma autónoma	Neste apartado de 30 horas, realizaranse correccións exercicios de ámbito audiovisual ou exercicios aplicados á teoría achegada durante as sesións maxistrais.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Lección maxistral	As dúbidas puntuais atenderanse nos horarios de titoría.
Resolución de problemas de forma autónoma	As dúbidas puntuais atenderanse nos horarios de titoría.
Probas	**Descrición**

Práctica de laboratorio	As dúbidas puntuais atenderanse nos horarios de titoría.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Lección maxistral	A avaliación das sesións maxistrais permitirá coñecer a competencia acadada polo alumnado no referente aos conceptos teóricos da materia. Poderase avaliar o alumnado, ben mediante un exame, ben mediante a encomenda de resumos ou crítica de artigos.	20	C2 C3 C4 C7 C17	D1 D5 D15 D18
Resolución de problemas de forma autónoma	Neste apartado avaliaranse todo tipo de exercicios relacionados coa competencia lingüística e tradutora do ámbito audiovisual corrixidos na aula.	10	C2 C3 C4 C7 C17	D1 D5 D15 D18
Práctica de laboratorio	Neste apartado, entregaránselle ao alumnado unha encarga (ou exame) para ser traducida que tente simular situacións reais de traballo. Esta formará parte da avaliación continua.	70	C2 C3 C4 C7 C17	D1 D5 D15 D18

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá informar o profesorado nas dúas primeiras semanas de clase a súa elección de acollerse ou non á avaliación continua. En caso de aprobar todas as probas con nota igual ou superior a 5/10, considerarase que o alumnado aprobou a avaliación continua. Non se fai nota media. De non aprobar a avaliación continua, deberá avaliarse de todo o temario na convocatoria de xullo.

O alumnado que non siga a avaliación continua deberá realizar un exame a finais do cuadrimestre (avaliación única) sobre todos os contidos da materia especificados no apartado CONTIDOS da guía docente, así como das lecturas obrigatorias.

O exame da convocatoria de maio (avaliación única) e de xullo consistirá na realización dunha tradución do francés ao galego dun texto audiovisual (que contará o 70% da nota), así como do control das lecturas obrigatorias (que contará o 30% da nota). As faltas de ortografía penalizaranse con 1 punto/erro.

Datas das probas:

AVALIACIÓN CONTINUA:

- Proba de teoría: Na décima semana.

- Proba tradución audiovisual: Última semana de docencia de cada docente.

AVALIACIÓN ÚNICA:

A proba de avaliación única terá lugar na data oficial marcada polo decanato.

O que suspenda a convocatoria de maio, terá que avaliarse de todos os contidos da materia en xullo.

Penalizarase a copia ou plaxio.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

CHAUME, F., **Cine y traducción**, Cátedra, 2004

DÍAZ CINTAS, J., **Teoría y práctica de la subtitulación inglés-español**, Ariel, 2003

MONTERO DOMÍNGUEZ, X., **Achegas para a tradución de produtos destinados á dobraxe cara ao galego**, Viceversa. Revista galega de tradución, 12, Universidade de Vigo, 2006

MONTERO DOMÍNGUEZ, X. (Ed.), **Tradución para a dobraxe en Galicia, País Vasco e Cataluña. Experiencias investigadoras e profesionais**, Servizo de publicacións da Universidade de Vigo, 2010

MONTERO DOMÍNGUEZ, X. (Ed.), **El doblaje. Nuevas vías de investigación**, Comares, 2017

ROALES RUIZ, A., **Técnicas para la traducción audiovisual: subtitulación**, Escolar y mayo, 2017

MONTERO DOMÍNGUEZ, X., **Intérpretes de cine. Análisis del papel mediador en la ficción audiovisual**, Peter Lang, 2019

Bibliografía Complementaria

Recomendacións